



CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Convocatoria do día tres do mes en curso, o próximo **luns, día 28**, en horario de **13.00 horas a 17.00 horas**, celébrase no vestíbulo deste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do Colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederáse da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no vestíbulo do Centro.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabética de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz **1 nome** dos candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do DNI ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederáse ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

3º.- Relación de nomes dos candidatos que se presentan á referida elección, segundo se indica de seguido por orde alfabética de apelidos:

- Allegue Ferrón, Pedro Luis
- Ruibal García, Lucía

A dirección do colexio anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo luns, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Carral, 25 de novembro de 2022

A DIRECTORA

Cristina Pedreira Fuentes

